

## Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega no Día de Rosalía de Castro 2022

*Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino.*

Rosalía de Castro

### PENSAR [TE] LIBRE

Alimentamos a realidade do noso País a través da nosa lingua e das palabras que envolven a nosa diversidade social e cultural. Pensármonos na lingua de nosoutas é manter, transmitir e dignificar quen somos. E esta é a forza que atopamos en Rosalía de Castro: recoñecermonos como pobo forte, unido na nosa lingua.

Non hai nada máis poderoso que as voces legadas polas nosas devanceiras, para arrodear os sentires, as emocións, a rebeldía, a liberdade dese pensamento sobre o que ninguén pode mandar.

Velaquí o maior acto revolucionario que nos agasallou Rosalía de Castro! Os seus versos transfórmanse nunha historia que rebela, provoca, emociona e que nos acolle para “*eu tamén navegar*”<sup>1</sup>, para facermos parte dunha nosa Historia propia e libre.

*Así vou eu/formando parte/Non me abandono e formo parte*<sup>2</sup>, do pobo que describe Rosalía de Castro, da xente que defende a cultura sen cancelas e enche as rúas de voces violetas para combater da man das compañeiras os mouchos que nos asexan e a aqueles que ladran contra as que camiñan.

*Abracemos, entón, a desorde das ideas*<sup>3</sup> e a marcha dos pensamentos para seguir o navegar de Rosalía de Castro na voz das persoas humildes, para escoitar o silencio das oprimidas e censurar as inxustizas coa forza da nosa lingua. Non precisamos mans alleas que escriban a nosa historia así que, *Dálle que dálle ó argadelo/noite e día/e pensa e pensa naquelo/porfía que te porfía*, porque xa agroma forte a semente plantada. *Vivamos a galope*<sup>4</sup> nunha rede de afectos e celebremos que nin a lingua nin o pensamento se exilian. Tezamos xuntas, fortes e libres os puntos que calcetaron as mestras da República, as cigarreiras, as misteiras, as costureiras e todas as que, coma ti, loitaron contra as inxustizas e polos dereitos.

Cosamos cos fíos da lingua na que entendemos, debatemos, amamos e enliñemos as nosas ideas e os nosos pensamentos.

*Tal com'as nubes  
Qu'impele o vento  
Y agora asombran, y agora alegran*

---

<sup>1</sup> Xohana Torres.

<sup>2</sup> Luísa Villalta.

<sup>3</sup> Xela Arias.

<sup>4</sup> María Xosé Queizán.

*Os espaços inmensos d'o ceo,  
Así as ideas  
Loucas qu'eu teño  
As imaxes de múltiples formas  
D'estrñas feiturás, de cores incertas,  
Agora asombran,  
O fondo sin fondo d'o meu pensamento.*

*Beatriz Maceda Abeleira  
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)  
#rdc\_2022 #SementadePensamentos*